



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 30 de novembro. de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e oito minutos, do día trinta de novembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, secretario xeral do Pleno Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso e a titular da Ásesoría Xurídica, Sra. Pajaró Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1407).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1408).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 6219/241.

Visto o informe de fiscalización de data 29/11/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (PPT).
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a as persoas en situación de dependencia (lei de dependencia).
- DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301), autorizar o gasto correspondente ó mesmo e autorizar a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 29 de setembro de 2016 a XGL acordou:

“ (...) 2º.- Adxudicar a CLECE, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) por un prezo de total de 18.079.556,53 euros e un prezo unitario de 14,07 euros (IVE incluído).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- En data 20 de agosto de 2018, o Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia remitiu unha carta ó Alcalde comunicándolle o incremento de 160.874 horas anuais de dependencia asignadas ó Concello de Vigo, acadando así un total de 403.274 horas anuais dispoñibles, polas que a Xunta liquidará e transferirá trimestralmente ó Concello 9,7€/hora de servizo executado.

Cuarto.- En data 19 de setembro de 2018 a xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar informan que “a prestación do SAF derívase da aplicación da Lei de dependencia, que implica na súa execución ás distintas Admóns. Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel das persoas usuarias á Xunta de Galicia



Concello de Vigo

(Consellería de Política Social). Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitindo as correspondentes resolucións ó Concello para que inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós/ás usuarios/as.

Este procedemento provoca situacións imprevistas sobrevidas e de evidente interese público por tratarse de servizos de atención no ámbito dos servizos asistenciais básicos que determinaron, xa cos anteriores contratos, o incremento sucesivo do número de horas de prestación do servizo e, polo tanto, tamén do gasto inicialmente previsto.” E, en consecuencia, propón a modificación do contrato.

Quinto.- En data 11 de outubro de 2018, a XGL acordou aprobar o inicio do expediente de modificación deste contrato.

Sexto.- En data 29 de outubro de 2018, D. José Manuel González Villalva, en nome e representación do contratista CLECE, S.A., manifesta a súa desconformidade á modificación proposta, no prazo de trámite de audiencia conferido ao efecto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á existencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- “aumento ou diminución das horas de prestación do servizo ou dos usuarios”

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- “ aumento ou diminución das horas de prestación do servizo”

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Non se fixan no PCAP especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación.

A modificación obxecto deste informe ven motivada por un incremento de horas/usuarios anuais de SAF (dependencias concedidas).

Todos estes cambios se detallan no informe emitido pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018, que se reproduce a continuación:



Concello de Vigo

“II.1. No correspondente documento contractual o contratista, CLECE S.A, prestou a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

II.2. No PCAP (Apdo 16 das FEC) preveíase, de acordo co TRLCSP (Arts. 105, 106, 108, 210, 211, 219 e ccdtes.), a posible modificación do contrato; en concreto, por aumento ou diminución do número de horas de prestación do SAF motivado polo aumento ou diminución das horas de prestación do servizo. En todo caso, esa eventual modificación contractual non podería superar o 20% do prezo do contrato.

II.3. A prestación do SAF derívase da aplicación da Lei de dependencia, que implica na súa execución ás distintas Admóns. Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel das persoas usuarias á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social). Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitindo as correspondentes resolucións ó Concello para que inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós/ás usuarios/as.

Este procedemento provoca situacións imprevistas sobrevidas e de evidente interese público por tratarse de servizos de atención no ámbito dos servizos asistenciais básicos que determinaron, xa cos anteriores contratos, o incremento sucesivo do número de horas de prestación do servizo e, polo tanto, tamén do gasto inicialmente previsto.

II.4. Neste sentido, o Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia remitiu unha carta ó Alcalde comunicándolle o incremento de 160.874 horas anuais de dependencia asignadas ó Concello de Vigo, acadando así un total de 403.274 horas anuais dispoñibles, polas que a Xunta liquidará e transferirá trimestralmente ó Concello 9,7€/hora de servizo executado”.

Podemos concluír, á vista deste informe, que a modificación proposta obedece a incrementos no número de horas de prestación do servizo motivado por un incremento das actividades e alcanza o 20,00% do prezo do contrato, atopándose dentro dos aspectos a modificar, circunstancias e límite da porcentaxe máxima de modificación do contrato (20%) previstos no apartado 16 das FEC do PCAP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.

- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, e resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros e a modificación supera o 10% do prezo do mesmo.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público cal é a necesidade de ampliar os usuarios do servizo de axuda a domicilio e, consecuentemente, o número de horas de prestación do servizo. É preciso ter en conta que este é un servizo público, dos previstos no catálogo do artigo 15 da Lei de dependencia (artigo 15.1.c), que inclúe a atención as necesidades do fogar e os cuidados persoais das persoas en situación de dependencia. Determina o artigo 14.2 desta lei que “ Los servicios del Catálogo del artículo 15 tendrán carácter prioritario y se prestarán a través de la oferta pública de la Red de Servicios Sociales por las respectivas Comunidades Autónomas mediante centros y servicios públicos o privados concertados debidamente acreditados”. A prestación dos servizos derivados desta lei implica na súa execución ás distintas Administracións Públicas (estatal, autonómica e local). De xeito, atribúe as resolucións sobre o grao e nivel das persoas usuarias á Administración autonómica, no noso caso, á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social). Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitindo as correspondentes resolucións ó Concello para que inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós/ás usuarios/as. Elo débese a que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, determina que “ Las entidades locales prestarán el servicio público de ayuda a domicilio, bien directamente o bien mediante las diversas modalidades de contratación de la gestión de servicios públicos reguladas en la normativa vigente sobre contratos del sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas”.

Nesta liña, o Conselleiro de Política Social dirixiuse ao Sr. Alcalde deste Concello para comunicarlle que a Xunta aprobou o “Plan de apoio a dependencia” o 2 de agosto do presente ano, e que no mesmo se prevé un aumento das horas de prestación do servizo de axuda a domicilio. No caso de Vigo correspóndelle un incremento de 160.874 horas anuais. Razón pola cal resulta necesaria a modificación do presente contrato. Esta modificación supón un incremento do seu importe anual de 1.807.955,65 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do Servizo de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018:

- Ano 2018: incrementaríase o orzamento en 352.819,44 €.
- Ano 2019: incrementariase o orzamento en 1.807.955,65 €.
- Ano 2020: incrementariase o orzamento en 1.455.136,21 €..

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe emitido pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar Social supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 3.615.911,30 €.



Concello de Vigo

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa desconformidade coa modificación proposta, en escrito con data 30 de outubro de 2018. Argumenta para xustificar a súa negativa á modificación do contrato que:

“Durante la anualidad octubre 2016-octubre 2017, se realizaron, de forma efectiva, 30.505,75 horas menos de las que fueron objeto de licitación y conforme a las cuales mi mandante presentó su proposición.

Durante la anualidad octubre 2017 hasta la anualidad octubre 2018, se han realizado 18.376,75 horas más de las que fueron objeto de licitación.

El referido exceso y defecto de horas computa respecto a la modificación del contrato contenida en los pliegos, dado que está prevista para ajustar las horas efectivamente prestadas cada anualidad, en más y en menos, a las horas licitadas y conforme a las cuales mi mandante presentó su proposición.

(...)

En el acuerdo municipal del que se da traslado a esta parte, se hace constar que la modificación que pretende introducir el Ayuntamiento de Vigo en el contrato es por “un aumento de horas de prestación de servicio, conforme al apartado 16 B y C de la Hoja de Características del Contrato.

Igualmente, dentro del referido acuerdo municipal, se contiene la afirmación de que “el límite de la modificación no podrá superar el 20% del precio de adjudicación del contrato (apartado 16 D de la Hoja de Características del Contrato)”. prestación de servicio a los usuarios, con el límite del 20% de horas a modificar, siendo esta modificación la necesaria para ajustar cada anualidad la diferencia entre las horas licitadas y las que efectivamente se prestaran.

En el acuerdo municipal del que se da traslado a esta parte, se hace constar que la modificación que pretende introducir el Ayuntamiento de Vigo en el contrato es por “un aumento de horas de prestación de servicio, conforme al apartado 16 B y C de la Hoja de Características del Contrato. Igualmente, dentro del referido acuerdo municipal, se contiene la afirmación de que “el límite de la modificación no podrá superar el 20% del precio de adjudicación del contrato (apartado 16 D de la Hoja de Características del Contrato)”.

(...)

La modificación de la que se da traslado a esta parte lo es mediante el incremento del

20% sobre todas las horas contratadas y que fueron objeto de licitación, sin tener en cuenta las horas efectivamente realizadas, sobre las que no cabe modificación, y las que realmente restan por ejecutar, ni se tiene en cuenta que las horas efectivamente prestadas durante la primera y segunda anualidad, deben computarse dentro del límite del 20% que establezca el pliego.

(...)

De esta forma, conforme a los documentos contractuales, la modificación del contrato

sólo puede serlo sobre las horas adjudicadas respecto de la horas efectivamente realizadas cada anualidad por el contratista, no pudiendo exceder del 20% todas estas modificaciones anuales. Es decir, los pliegos no contienen la posibilidad ni el supuesto de una modificación contractual al alza del 20% del total de las horas contratadas, sino para ajustar el exceso o defecto de las realmente ejecutadas cada año respecto de las horas contratadas.

Estos debe ser así por las siguientes razones:

- El valor estimado del contrato no recoge el de las modificaciones a realizar, como exige el art. 88.1, párrafo 3o TRLCSP. Si la modificación propuesta por la Administración fuera conforme con los pliegos, éstos hubieran debido establecer como valor estimado del contrato el del precio de las horas anuales por el número de años de duración, más el 20% de la modificación, y no se ha hecho así, prueba evidente de que la modificación contenida en el pliego lo fue para los fines que sostiene esta parte;

- Porque la propia cláusula contractual refiere, literalmente, que la modificación lo sea de las horas de prestación del servicio, y ello con la finalidad de adecuar el gasto comprometido anualmente a las horas realmente ejecutadas, y poder legalizar las diferencias que se puedan producir, en más o en menos;

- Porque las horas de prestación del servicio dependen de las altas y bajas en el servicio que se vayan produciendo a lo largo de cada anualidad, siendo previsible que, cada año de ejecución del contrato no coincidan las horas realmente ejecutadas con las contratadas, precisamente por esta circunstancia, ya conocida por ese Ayuntamiento, se incluyó en los pliegos esta posibilidad de modificación del contrato, sin incluirla dentro del valor estimado del contrato.

- El límite del 20% de la modificación del contrato, es acumulativa, en el sentido de que cada anualidad de exceso o defecto respecto de las horas contratadas computará a los efectos de determinar el límite de la modificación.

La manera en que se pretende modificar el contrato supone incrementar las horas a realizar en un 20%, sin tener en cuenta que las dos anualidades ejecutadas ya ha habido una modificación del contrato, comprendiendo la prestación efectiva de menos horas que las contratadas, durante la primera anualidad, y de más horas que las contratadas durante la segunda anualidad, y que ésta modificación debe imputarse al límite del 20% que se propone.

En definitiva, por un lado, el pliego no prevé la modificación del contrato en los términos que se notifican (20% sobre el total de las horas contratadas para los 4 años de ejecución del servicio), dado que el aumento de horas hasta el 20% lo es para ajustar el desfase, en más o en menos y en cómputo anual, respecto de las horas contratadas, las horas que se ejecuten de forma efectiva, y no se prevé para incrementar en un 20% el total de las horas contratadas, como pretende realizar esa corporación. Siendo así, no se cumplen las condiciones y requisitos establecidos por el art. 107 TRLCSP.

Si esa Administración lo hubiera querido así (posibilidad de modificar el contrato aumentando las horas en un 20% sobre todas las contratadas inicialmente), debería haber incluido como valor estimado del contrato esta modificación, y no lo ha hecho. Prueba evidente de que este aumento/disminución de horas que prevé el pliego lo es



Concello de Vigo

para ajustar, en cómputo anual, las horas contratadas respecto de las realmente ejecutadas, y legalizar su pago, y ajuste presupuestario, y para evitar reclamaciones del futuro contratista respecto a que realice menos horas de las inicialmente contratadas y su compensación económica.

De otro lado, si se entiende que procede esta modificación, la misma excede el 20% establecido por los pliegos, dado que (i) durante la primera anualidad se realizaron menos horas que las contratadas, y durante la segunda más que las contratadas, (ii) estas modificaciones computan para calcular el 20% del límite de la modificación, (iii) no pueden incluirse dentro del cálculo las horas ya ejecutadas.

Es por ello que esta empresa se opone a la modificación propuesta, dado que (i) no está contemplada dentro de los pliegos, y/o (ii) excede el límite del 20% establecido por el propio pliego.

(...)

La consecuencia de todo ello será que, caso de operarse la modificación, el contrato estará incurso en causa de resolución, conforme al párrafo 2o del art. 105 TRLCSP y al

art. 223 g) del TRLSP, dada la imposibilidad de ejecutar la prestación en los términos inicialmente pactados, debiendo ser así declarada y proceder a una nueva licitación en los términos y condiciones pertinentes”.

O contratista parte de unha premisa errónea. O obxecto deste contrato non é a prestación do servizo de asistencia a domicilio un número de horas determinadas ó ano. O apartado 2.A da FEC fixa como obxecto do contrato “a prestación do servizo de axuda no fogar”, sen especificar un número de horas de prestación deste servizo ó ano.

Estamos ante un contrato de servizos segundo necesidades, dos previstos na disposición adicional trixésimo cuarta do TRLCSP. Segundo este precepto “En los contratos de suministros y de servicios que tramiten las Administraciones Públicas y demás entidades del sector público con presupuesto limitativo, en los cuales el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes o a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario, sin que el número total de entregas o prestaciones incluidas en el objeto del contrato se defina con exactitud al tiempo de celebrar éste, por estar subordinadas las mismas a las necesidades de la Administración, deberá aprobarse un presupuesto máximo”. Así, no PCAP fixouse un presuposto máximo “19.915.392,00 €” (apartado 3.A da FEC), distribuído nas anualidades que abarca o prazo contractual, que é de catro anos (apartado 4.A da FEC), sendo estas (apartado 3.D da FEC):

- ano 2016: 1.244.712,00 €
- ano 2017: 4.978.848,00 €
- ano 2018: 4.978.848,00 €
- ano 2019: 4.978.848,00 €
- ano 2020: 3.734.136,00 €

E fixouse, así mesmo, o prezo unitario máximo de hora de prestación do servizo (apartado 3.F da FEC) que é de 15,50 euros/hora, IVE incluído. Establecéndose como criterio avaliable a través de fórmula a “Redución do prezo unitario do contrato” (apartado 8.B da FEC).

O número de horas non aparece recollido en ningún momento no PCAP, se ben, para fixar o presuposto máximo tívose en conta o número de horas que se estimou que resultarían necesarias para a prestación do servizo, tratándose dunha mera previsión, baseada no funcionamento do servizo en anos anteriores, pero non vinculante. De feito, se o adxudicatario ofertase un prezo unitario menor este número inicial de horas previstas ao calcular o presuposto máximo do contrato veríase incrementado.

Tamén erra o contratista o considerar que o contrato xa foi modificado dúas veces durante a execución do contrato pois tal e como detallouse neste fundamento e no anterior, para modificar o contrato é preciso seguir un determinado procedemento, cosa que non ten acontecido neste caso.

A propia disposición adicional trixésimo cuarta do TRLCSP determina con respecto a modificación do contrato que “En el caso de que, dentro de la vigencia del contrato, las necesidades reales fuesen superiores a las estimadas inicialmente, deberá tramitarse la correspondiente modificación. A tales efectos, habrá de preverse en la documentación que rija la licitación la posibilidad de que pueda modificarse el contrato como consecuencia de tal circunstancia, en los términos previstos en el artículo 106 de esta Ley. La citada modificación deberá tramitarse antes de que se agote el presupuesto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin el crédito necesario para cubrir el importe máximo de las nuevas necesidades”. Circunstancias que como se ten posto de manifesto concorren no contrato que nos ocupa o ter previsto o apartado 16 da FEC as circunstancias que motivan a modificación do contrato, os aspectos a modificar de concorrer as mesmas e o límite da modificación.

Tampouco é certo que a modificación estivese prevista unicamente para axustar as horas reais de prestación do servizo de cada anualidade nin que operase automaticamente sen necesidade de tramitar o procedemento de modificación do contrato como suxire o contratista.

Así mesmo, manifesta o contratista respecto á previsión de modificación no PCAP, que esta non se tivo en conta ao calcular o valor estimado do contrato. Afirmación tamén errónea. O apartado 3.D da FEC fixa como valor estimado do contrato o de 32.554.006,18 €. Segundo o artigo 88.1 do TRLCSP para calcular o valor estimado do contrato hai que ter en conta:

- O importe total a pagar segundo estime o órgano de contratación, sen incluír o IVE.
- Calquera forma de opción eventual.
- As eventuais prórrogas do contrato.
- En caso de que se prevea nos pregos ou no anuncio de licitación a posibilidade de modificar o contrato, a totalidade das modificacións previstas.

Así, para calcular o valor estimado deste contrato adicionáronse os seguintes conceptos:

- O orzamento total sen IVE (19.915.392,00 € - 765.976,60 € -4%-): 19.149.415,40 €



Concello de Vigo

- As posibles prórrogas do contrato, dúas dun ano de duración cada unha (apartado 4.C da FEC): $4.787.353,85 \times 2 = 9.574.707,70 \text{ €}$
- O importe das modificacións previstas (20% do prezo do contrato): 3.829.883,08 €

Como pode comprobarse, a suma de todos estes conceptos, incluída a modificación prevista, é de 32.554.006,18 €. Consecuentemente, non é certa a afirmación do licitador de que no valor estimado do contrato non estivese incluída a porcentaxe máxima de modificación prevista.

E como a modificación que se pretende aprobar encaixa dentro dos supostos previstos no prego, tampouco é certo que concorra a causa de resolución prevista no artigo art. 223 g) do TRLSP, relativa a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados. Causa de resolución que, por outra banda, non está pensada para supostos como o que nos ocupa de modificación dun contrato, senón de imposibilidade, tanto física como xurídica, de executar a prestación pactada. Circunstancias que non concorren no caso que nos ocupa.

Contestadas as alegacións formuladas polo contratista, procede propoñer ao órgano de contratación a desestimación das mesmas e, formularlle a proposta de aprobación da presente modificación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido

(artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a acordar a modificación do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade



Concello de Vigo

de órgano de contratación.

A proposta de modificación, deberá ser aprobada polo órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e o posterior acordo, deberá ser sometido a ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 211.3.b TRLCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Tomar coñecemento da proposta de modificación do contrato do servizo de axuda no fogar nos termos que constan no informe emitido pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018, que consistirán nun incremento do seu importe anual de 1.807.955,65 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do Servizo de Benestar Social de data 19 de setembro de 2018:

- Ano 2018: incrementaríase o orzamento en 352.819,44 €.
- Ano 2019: incrementaríase o orzamento en 1.807.955,65 €.
- Ano 2020: incrementaríase o orzamento en 1.455.136,21 €..

2º.- Previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

3º.- De informarse favorablemente a proposta de modificación polo Consello Consultivo, simultaneamente a súa aprobación:

a) Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 1.807.955,65 euros euros, que se distribuirían orzamentariamente:

- Ano 2018: incrementaríase o orzamento en 352.819,44 €.
- Ano 2019: incrementaríase o orzamento en 1.807.955,65 €.
- Ano 2020: incrementaríase o orzamento en 1.455.136,21 €.

Este importe pódese cargar á partida nº 2310.227.99.01 “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

b) Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

c) Formalizar por escrito a presente modificación.

4º.- Comunicar aos interesados que o prazo de resolución do presente expediente queda suspendido ao abeiro do disposto no artigo 22.1.d da LPAC.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1409).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO EN RELACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018. EXPTE.17039/333.

Visto o informe xurídico do 23/11/18 e o informe de fiscalización do 29/11/18, dáse conta do informe-proposta do 23/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17039/333 en relación á proposta de subvención a favor da Fundación Celta de Vigo en base o desenvolvemento dun programa de fomento do fútbol base, considerando que a pesar de que o expediente iniciouse no mes de febreiro, a tramitación do mesmo prolongouse ata a data actual, na que o proxecto deportivo da tempada 2017/2018 obxecto da proposta de subvención rematou, procedeuse a modificar a proposta tal como se detalla:

- Atendendo ás observacións detalladas no informe de fiscalización de data 05/04/2018 incorporouse o informe remitido pola Fundación Celta de Vigo no que acredita a finalidade das becas.
- Incorporáronse ó expediente as certificacións actualizadas de ausencia de débedas da Fundación Celta de Vigo coas distintas administracións
- Modificouse a proposta, dándolle o carácter de proposta de resolución de subvención xa que se considera que non pode fundamentarse unha proposta de convenio unha vez rematou a tempada deportiva obxecto da proposta de subvención.

Por todo o exposto, procédese a dar continuidade ó expediente tal como segue.

INFORME PROPOSTA

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 295.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.16 a favor da entidade Fundación Celta de Vigo polo desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base na tempada deportiva 2017/2018.

A Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.



Concello de Vigo

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolveu actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supuxo a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

O programa que presentou a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, orientouse fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contou con equipos que participaron nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega división de honra Cadete ou a Liga Galega e Infantil 1º autonómica. Ademais, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto, competiron nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como o Torneo Fundación Real Sociedade, Torneo Oviedo Cup, Torneo Ciudad de Soria, Torneo Cesar Augusta, Torneo Estrella de Móstoles, Carnaval Cup Barcelona, Torneo Erizana, Torneo Louro, Torneo Caldas, Torneo Sistrells, Torneo Internacional de Dubai, Imzir Cup Turquía, Arosa Futbol 7, Liga Promises, Coelho Verde, Munidalito de Cambrils, Jamón Cup, Azpeitia Cup, Torneo RC Deportivo de la Coruña, Torneo Lalín.

Por todo o exposto, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade desta entidade, ó tempo que a súa colaboración coa administración pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte en función das seguintes actuacións transversais entre o Concello e a propia Fundación Celta de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e internacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización desta proposta entre o Concello de Vigo e a entidade Fundación Celta De Vigo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Polo exposto, a subvención proposta a través deste expediente, responde ó desenvolvemento da propia partida nominativa para esta subvención, non existindo concorrencia ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida indicada, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de resolución de subvención á Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta á execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 379.00,00 €.

Atendendo ó exposto, o importe proposto para coadxuvar ó financiamento que supuxo o desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2017/2018 ascende a un importe de 295.000,00€. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3410.489.00.16.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública



Concello de Vigo

e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

A Fundación Celta De Vigo colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, a través do desenvolvemento do seu proxecto deportivo de fútbol base, tal como acredita na memoria de actividades realizadas durante a tempada deportiva 2017/2018, promovendo iniciativas en colaboración cos axentes implicados no ámbito deportivo, contribuíndo á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e a nivel internacional...

O Concello de Vigo, pola súa parte propón a concesión directa á Fundación Celta de Vigo dunha subvención por importe de 295.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.16 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto de promoción do fútbol base a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores da Fundación Celta de Vigo, desenvolvido na tempada deportiva 2017/2018. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, no período comprendido entre a aprobación da proposta en xunta de goberno e o 14 de decembro.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2017/2018, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria deu a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do “Programa de dinamización do fútbol base na tempada deporiva 2017-2018”

b) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

c) Que a Fundación Celta de Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17039/333.

d) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 14 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.



Concello de Vigo

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

e) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

g) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente expediente, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPD), así como, os dereitos dos interesados (art.

12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 15/1999 e demais normativa vixente en materia de protección de datos.

h) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión desta subvención polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Fundación Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17039/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2017/2018. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire a proposta e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

A concesión da subvención obxecto da proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen na proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.16, consonte o 22.2 a) da Ley 38/2003 de 17 de Novembro, xeral de subvencións e co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, no período comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 14 de decembro de 2018.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución de concesión de subvención a favor da Fundación Celta de Vigo en relación ó desenvolvemento do Programa de dinamización do fútbol base na tempada deportiva 2017-2018.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 295.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.16 "Subvención Fundación celta de Vigo" do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1410).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA – ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA. EXPTE. 76/441.

Visto o informe de fiscalización de data 30/11/18, dáse conta do informe-proposta do da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de novembro de 2018:

1. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN



Concello de Vigo

2. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	94,86
2	UTE PRACE-COPSESA	94,61
3	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	94,11
4	PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,16
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	84,98
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	84,65
7	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	75,82
8	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	66,92

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o 20 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o día 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor asinado o 24 e 25 de outubro de 2018 e do informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 13 de novembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 4.455.497,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 773.268,14 euros.
- b) Comprométese a aportar as seguintes melloras coas características e o importe descritos no Anexo VII do PCAP:



Concello de Vigo

- O mantemento integral das ramplas móbiles por un período de 3 cuatrimestres
- O mantemento integral das zonas verdes por un período de 4 trimestres
- O mantemento integral dos paneis fotovoltaicos por un período de 4 trimestres
- O mantemento integral da fonte ornamental por un período de 4 trimestres
- O mantemento integral dos elementos tecnolóxicos por un período de 4 trimestres

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez